



Concello de Vilariño de Conso

BASES DAS AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLOS E FILLAS DURANTE O ANO 2023

PRIMEIRA. OBXECTO E FINALIDADE:

As presentes bases teñen por obxecto a regularización da axuda económica por nacemento, adopción e acollemento a todos/as os/as veciños/as do Concello de Vilariño de Conso que foran pais/ nais a partir do 1 de xaneiro do ano 2023 a 30 de novembro.

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que teña lugar un nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro na unidade familiar no ano 2023, para así para contribuír a sufragar os gastos excepcionais que a nova situación implica.

Igualmente, tamén se prevé a axuda correspondente á aquelas familias nas que o nacemento, adopción ou acollemento se produciu no ano 2022 ou no ano 2021, e as que se lle outorgara a axuda prevista polo Concello, na anualidade correspondente (ano de nacemento).

Tamén se persigue a promoción e dinamización do comercio local, e contribuír ao asentamento da poboación no noso Concello.

Para a consecución desta finalidade, o Concello de Vilariño de Conso prevese crédito por un importe de 3.600 € na partida orzamentaria 231/480 do seu orzamento para o ano 2023.

As axudas previstas para os nacementos, adopcións ou acollementos do período comprendido de 1 de xaneiro a 30 de novembro de 2023, de outorgarse, serán únicas. E dicir, outorgarse exclusivamente unha única axuda polo importe que corresponda, segundo o previsto nas presentes bases, xa que non se prevé anualidades futuras (segundo e terceiro ano) como si se establecía en convocatorias anteriores.

SEGUNDA. NATUREZA DA AXUDA:

As axudas que se outorguen terán a natureza de subvención en réxime de concorrência non competitiva, conforme ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións e nas bases de execución do orzamento





Concello de Vilariño de Conso

vixente.

Esta axuda será compatible con calquera outra axuda que se perciba por este motivo, procedente doutras administracións.

TERCEIRA. BENEFICIARIOS

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases:

1. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito, conviventes ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2023, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
2. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 5 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2023, sempre que cumpran os demais requisitos.
3. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito, conviventes ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2022, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
4. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 5 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2022, sempre que cumpran os demais requisitos.
5. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito, conviventes ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2021, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.
6. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 5 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2021, sempre que cumpran os demais requisitos.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria





Concello de Vilariño de Conso

potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

CUARTA. REQUISITOS PARA OBTENER A SUBVENCIÓN:

- Ser español ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que os beneficiarios residan no municipio.
- Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente nas obrigas tributarias con facenda do Estado, da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Vilariño de Conso, cuestión esta última que será comprobada de oficio.
- Que os nenos convivan co/coa solicitante, e que o Concello de Vilariño de Conso sexa o primeiro empadramento.
- Que o importe anual da axuda que se concede para o fomento da natalidade se gasten nos establecementos sitos no termo municipal de Vilariño de Conso.
- Como máximo darase unha axuda por neno/a. No caso de partos ou adopcións ou acollementos múltiple tantas axudas como nenos/ as.

QUINTA. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

Será requisito para o pagamento efectivo da axuda que as persoas beneficiarias se atopen empadroadas no municipio.

Será documento acreditativo do cumprimento do disposto neste apartado o certificado de empadramento e convivencia da unidade familiar.

Os beneficiarios están obrigados a comunicarlle ao Concello calquera circunstancia que modifique as condicións para a obtención da subvención e a reintegrar a contía concedida cando se incumpra o compromiso adquirido pola súa obtención.

O réxime xurídico do reintegro de subvencións será o establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Concello de Vilariño de Conso

SEXTA. PRAZO PARA SOLICITAR A AXUDA:

O prazo de presentación de solicitudes será durante o ano 2023, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria correspondente no Boletín Oficial da Provincia ata o 7 de Decembro de 2023.

SÉTIMA. DOCUMENTACIÓN:

A solicitude e a documentación presentarase nas oficinas municipais, sen prexuízo do disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 26 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O impreso de solicitude (Anexo I) e a declaración responsable referente as tres declaracións responsables que aparecen na documentación que acompaña a solicitude (Anexo II) poderá obterse nas oficinas do Concello de Vilariño de Conso ou na páxina web municipal (www.concellodevilariño.es)

A solicitude de subvención irá acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia compulsada do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
2. Fotocopia compulsada do libro de familia.
3. Nos supostos de adopción ou acollemento, ou tutoría legal do menor, documentación compulsada acreditativa.
4. Certificado de empadramento no que figure a primeira alta dos recen nados ou a alta dos adoptados e acreditación mediante certificado de convivencia na que conste que as persoas beneficiarias residen no mesmo domicilio, no Concello de Vilariño de Conso.
5. Certificación de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.
6. Certificado da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
7. Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
8. Declaración responsable de non ter solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade,





Concello de Vilariño de Conso

procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.

9. Declaración responsable de que se compromete a cumprir as obrigas que para as persoas perceptoras das axudas e subvencións establece o artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. Declaración responsable de cumprimento de todos os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

OITAVA. ÓRGANO DE INSTRUCCIÓN

A competencia de instrución do procedemento de concesión, corresponderalle á Axente de Emprego do Concello de Vilariño de Conso.

NOVENA. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:

Unha vez revisadas as solicitudes, se non estivesen debidamente cubertas ou non se presentase a documentación solicitada polo Concello, requirirase ao interesado para que no prazo de 5 días naturais emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O órgano de instrución será o que examine a documentación presentada e proceda no seu caso a requirir a emenda correspondente.

DÉCIMA. RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN:

O órgano instructor, unha vez completado o expediente, emitirá o correspondente informe e proposta de concesión ou denegación. Unha vez valoradas, elevará a proposta de concesión/denegación á Alcaldía que resolverá motivadamente. A resolución de Alcaldía será notificada aos interesados segundo o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. A resolución da Alcaldía esgota a vía administrativa.

Os beneficiarios deberán comunicar expresamente ao Concello, no prazo de dous días dende a recepción da notificación da resolución, a aceptación ou non da axuda concedida. No caso de non efectuar a comunicación darase por aceptada axuda concedida.

DÉCIMO PRIMEIRA. OBRIGAS E RESPONSABILIDADE:

Calquera falsidade que se detecte dará lugar a perda do dereito ao





Concello de Vilariño de Conso

recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibido, ao seu reintegro cos xuros legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

De acordo co disposto no artigo 14 da Lei 38/20003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, os beneficiarios de estas subvencións, obríganse especificamente a:

- Comunicar calquera variación que se produza na situación familiar que poida dar lugar á perda da axuda.

- Someterse ás actuacións de comprobación ou de control financeiro que efectúe o órgano concedente, para o que deberán achegar canta información lles sexa requirida.

- Será preciso que o beneficiario e o recen nacido ou adoptado permanezan empadroados de forma ininterrompida durante o período subvencionado.

DÉCIMO SEGUNDA. CONTÍA DA AXUDA, XUSTIFICACIÓN E PAGO:

O importe máximo para estas axudas previsto no orzamento municipal para o exercicio 2023 é de 3.600 € (aplicación orzamentaria 231/480). As subvencións outorgaranse ata o esgotamento do crédito previsto, consonte o disposto nos parágrafos seguintes:

a) O importe destinado ás axudas económicas por nacemento, adopción e acollemento a todos/as os/as veciños/as do Concello de Vilariño de Conso que foran pais/ nais a partir do 1 de xaneiro do ano 2023, será repartido entre todas as solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases, cun máximo de 500€ por nacemento, adopción ou acollemento.

Estas contías veranse reducidas se a xustificación presentada é de menor importe.

b) O importe destinado ás axudas económicas por nacemento, adopción e acollemento a todos/as os/as veciños/as do Concello de Vilariño de Conso que foran pais/ nais no ano 2022, será repartido entre todas as solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases, cun máximo de 300€ por nacemento, adopción ou acollemento.

c) O importe destinado ás axudas económicas por nacemento, adopción e acollemento a todos/as os/as veciños/as do Concello de Vilariño de Conso que foran pais/ nais no ano 2021, será repartido entre todas as solicitudes





Concello de Vilariño de Conso

presentadas que cumpran cos requisitos establecidos nas presentes bases, cun máximo de 200 € por nacemento, adopción ou acollemento.

Estas contías veranse reducidas se a xustificación presentada é de menor importe.

En todo caso para as axudas que corresponden ós nacementos de 2022 e 2021, será preciso que se teña solicitada e concedida polo Concello a axuda correspondente ó ano de nacemento, e se xustifique cada anualidade segundo o previsto nas presentes bases.

Primeiro ano (Ano de nacemento): importe máximo 500 €.

Segundo ano: importe máximo 300 €.

Terceiro ano: importe máximo 200 €.

O importe da axuda á natalidade ingresarase no número de conta do pai ou da nai ao que se lle notificou a adxudicación unha vez se xustifiquen as compras efectuadas en establecementos do municipio por un importe igual ou superior á contía da axuda.

Os produtos que se poden adquirir e que servirán para a xustificación da subvención son produtos destinados ao bebé (alimentación, accesorios, roupa, saúde e hixiene, incluídos os produtos de farmacia como as vacinas).

Todas as compras deberán acreditarse mediante ticket ou factura legal detallados, nos que se especifiquen os datos do comercio (nome do establecemento e CIF) así como a data de compra e os produtos adquiridos, co fin de poder comprobar que se corresponden aos indicados. Asemade, lémbrese que o contido do ticket deberá ser exclusivamente dos produtos que son subvencionables e non conterá outros produtos.

As compras deberán realizarse a partir da data de nacemento ou adopción ou acollemento, polo que todos os tickets deberán ser posteriores a dita data, non tendo validez para a xustificación os que se entreguen con data anterior.

O prazo máximo para presentar a xustificación será de cinco días a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión da axuda, salvo de causa maior debidamente acreditada.

En todo caso, deberá presentarse a xustificación antes do 27 de decembro.

DECIMO TERCEIRA: PROTECCIÓN DE DATOS:

Segundo o establecido na vixente normativa de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 – Regulamento Xeral de Protección de Datos –





Concello de Vilariño de Conso

RXPD), informásele que os datos persoais que sexan facilitados para participar na convocatoria de axudas establecidas nas presentes bases, serán tratados por parte do Concello de Vilariño de Conso con NIF: P3209330G coa finalidade de tramitar e xestionar a solicitude de axuda no marco das axudas para fomento da natalidade, por nacemento ou adopción de fillos e fillas no ano 2020, no Concello de Vilariño de Conso. O tratamento baséase no artigo 6.1.e) do RXPD: cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación aplicable no Concello.

Non están previstas comunicacións a terceiros salvo obriga legal, nin están previstas transferencias a terceiros países ou organismos internacionais.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vilariño de Conso poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento, mediante escrito dirixido ao Concello de Vilariño de Conso- Rúa do Museo nº 3 (32557) Vilariño de Conso (Ourense) indicando no asunto: Ref. Protección de Datos, ben presencialmente ou a través do correo electrónico: concello.vilarinodeconso@eidolocal.es
Se no exercicio dos seus dereitos non fora debidamente atendido poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. Sede electrónica: <https://sede.agpd.gob.es>

Polo que respecta a todas as cuestións relativas ao tratamento dos seus datos persoais os interesados poderán poñerse en contacto co Concello de Vilariño de Conso a través do seguinte enderezo de correo electrónico: concello.vilarinodeconso@eidolocal.es ou co seu Delegado de Protección de Datos: lopd@edora.es

a) Base xurídica	RXPD: 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. Lei 38/2003, de 17 de novembro, de Subvencións.
b) Fins do tratamento	Tratamento da solicitude de acollerse á subvención ou axuda prevista polo Concello segundo bases ou normas reguladoras da correspondente convocatoria ou axuda de que se trate. Xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos para a concesión das subvencións ou axudas





Concello de Vilariño de Conso

	outorgadas.
c) Colectivo	Persoas que soliciten acollerse ás subvenciones ou axudas establecidas en cada caso, así como representantes das entidades que igualmente soliciten acollerse ás mesmas.
d) Categorias de Datos	Nome e apelidos, DNI, enderezo, datos económico-financeiros.
e) Categoría destinatarios	Non están previstas cesións dos datos.
f) Transferencia Internacional	Non están previstas transferencias internacionais dos datos.
g) Prazo supresión	Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.
h) Entidade responsable	Concello de Vilariño de Conso.
En cumprimento co Regulamento Xeral de Protección de datos (RXPd), pódese consultar a política de privacidade do Concello de Vilariño de Conso no seguinte enderezo web: https://vilarinodeconso.sedelectronica.gal/	

DISPOSICIÓN FINAL:

Para o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de subvencións.

En Vilariño de Conso, na data da sinatura electrónica.

A ALCALDESA





Concello de Vilariño de Conso

D^a. Melisa Macía Domínguez.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

ANEXO I

DATOS DO PAI, NAI, TITOR/A LEGAL OU PROXENITOR/A QUE PRESENTA A SOLICITUDE

DNI, CIF ou outros:
Apelidos e nome:
Enderezo:
Actuando en calidade de:
Teléfono e correo electrónico:

DATOS DO MENOR

Apelidos e nome:
Data de nacemento:

DATOS DO/ A OUTRO/A PROXENITOR/A OU TITOR/A LEGAL

Apelidos e nome:
DNI ou outros:





Concello de Vilariño de Conso

Indique se é pai, nai, titor/a ou proxenitor/a:

SOLICITA

☐ A concesión da axuda por “nacemento ou adopción no 2023”, para a compra en comercios establecidos no Concello de Vilariño de Conso.

☐ No seu caso (ano de nacemento e subvención outorgada):

.....
.....
.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA

- Fotocopia compulsada do DNI de todos os membros da unidade familiar.

-Fotocopia compulsada do libro de familia.

- Certificado de empadramento dos/as nados/as ou adoptados e certificado de convivencia.

- Certificación de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social (as obrigas tributarias que correspondan o concello comprobaranse de oficio).

- Certificado da conta bancaria.

- Documentación compulsada acreditativa nos supostos de adopción, acollemento ou tutoría legal.





Concello de Vilariño de Conso

- Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio de ser o caso.

- Declaración responsable de non ter solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.

-Declaración responsable de que se compromete a cumprir as obrigas que para as persoas perceptoras das axudas e subvencións establece o artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

-Declaración responsable de cumprimento de todos os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DATA E SINATURA

O abaixo asinante formula a presente solicitude ante a Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vilariño de Conso, declarando que todos os datos facilitados son certos e aceptando as condicións establecidas nas bases reguladoras da axuda.

En _____, a ____ de ____ de _____

O/A solicitante:

Asdo.:

DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL





Concello de Vilariño de Conso

NOME:
DNI:
ENDEREZO:
TELÉFONO:

Co fin de tramitar as axudas por nacemento e/ou adopción de fillos e fillas durante o ano 2023, AUTORIZO ó Concello de Vilariño de Conso a incorporación e publicación dos datos persoais facilitados:

- Na web municipal
- No Taboleiro de anuncios do Concello de Vilariño de Conso.
- Na BDNS ([Base de Datos Nacional de Subvencións](#))

A presente autorización pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ó Concello de Vilariño de Conso.

DEBERASE ASINAR a presente autorización polo solicitante

Asdo. : _____

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona _____, con DNI número _____, e enderezo en _____, en relación ás axudas, por nacemento e/ou adopción de fillos e fillas durante o ano 2023, convocadas polo concello de Vilariño de Conso (Ourense).





Concello de Vilariño de Conso

DECLARO:

-Que non teño solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.

-Que me comprometo a cumprir as obrigas que para as persoas perceptoras das axudas e subvencións establece no artigo 13 e 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino este escrito en Vilariño de Conso (Ourense),
a_____.

Asdo.:

